

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DEDALEIRA, ESPECIALIZADO EN INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AFECTIVO-SEXUAL PARA ÁS MULLERES CON DISCAPACIDADE E A SÚA CONTORNA

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

(2) Antecedentes:

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), é unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega coa finalidade de ofertas servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

É membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

(3) Finalidade:



Para os efectos sinalados, con data 24 de outubro de 2019 formalizouse coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivosexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos; De atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, instituciónsF), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para ás mulleres con discapacidade e a súa contorna.

Estímase xustificada, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA, servizo especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para ás mulleres con discapacidade e a súa contorna

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é o servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade.

O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que, segundo un estudo realizado a nivel mundial polas Nacións Unidas e publicado no ano 2010, o 80% das mulleres con discapacidade viven violencia e o risco dunha situación de abusos sexuais é catro veces maior que o da poboación xeral, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer a presente colaboración.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931), correspondentes á CCAA de Galicia

Contía total: 40.000 € € (corenta mil euros)

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á CCAA de Galicia.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

